

PEPE MOSQUERA EX DELEGADO DA ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE GUÍAS DE GALICIA EN OURENSE

«A Vía da Prata ten potencial e pode atraer a moitos visitantes a Ourense»

A Ribeira Sacra conta con gran demanda «e ademais trae xente á cidade»

X. M. R. OURENSE / LA VOZ

A paixón polo seu traballo é un dos sinais de identidade de Pepe Mosquera (1968, Aquisgrán, Alemaña). Chega de andar polo paraíso dos destinos máis recoñecidos do turismo mundial, a feira Fitur, e o mesmo fala do que está por vir que repasa polo miúdo todo o que lle daría un valor engadido a varias comarcas da provincia. Ata hai uns días foi o delegado da Asociación Profesional de Guías de Galicia en Ourense, un colectivo que cada vez conta cun maior número de integrantes e que tamén debe facer fronte a problemas profesionais como o derivado do exercicio da actividade sen contar coa pertinente homologación ou titulación. Durante os anos como responsable do colectivo viviu, coma os seus compañeiros, etapas máis que duras —como a da covid— e moi esperanzadoras —como a xerada a partir da chegada do AVE á cidade—. El define-se con claridade: «Son un guía ao que lle gusta o seu traballo».

—Chega de Fitur. Paga a pena asistir?

—É obvio que é unha feira con proxección mundial e sempre hai moitas cousas que ver, iniciativas que che poden servir para o teu traballo, coñecer novas propostas e gozar da experiencia. O primeiro día, que é cando van os políticos, hai un rebumbio de xente. No posto de Galicia nin che conto, todo ategado de persoas.

—Compensa a presenza de Ourense na feira ou é algo que pasa desapercibido entre tanta oferta?

—Non é doado contestar. Podemos valorar se hai máis ou menos repercusión ou se quedas sen protagonismo pola excesiva oferta. Con todo, a miña opinión é que se debe estar para incidir máis na promoción e amo-



Quen son. «Un cabezón, responsable e amigo dos meus amigos». MIGUEL VILLAR

sar o que se pode descubrir e vivir achegándose ata aquí.

—A Deputación aposta pola Vía da Prata. Ve potencial?

—Si. O Camiño está nun momento álxido. Cada vez hai máis demanda, e dou fe porque traballo con moitos estranxeiros e véxoo. O Francés está masificado e xa hai queixas nese senso. A Vía da Prata ten moito potencial e pode atraer a gran número de visitantes a Ourense porque aínda ofrece esa experiencia de soidade e recollemento que buscan as persoas que van a Compostela.

—A Ribeira Sacra é o destino emerxente?

—É o que máis se está divulgando e o feito de optar ao recoñecemento de Patrimonio da Humanidade é un plus que teñen. E para a cidade tamén é un reclamo, porque moita xente que vai

á Ribeira Sacra queda en Ourense e dende aquí desprázase a coñecer a zona.

—Cales son os destinos máis demandados polos turistas?

—A cidade, como é lóxico, e logo O Ribeiro e Allariz. O Carballiño, que ten recursos pero non está aproveitado como merece, é polo que menos preguntan. É inxusto porque temos moitas xoias por descubrir e pulir: a comarca de Monterrei, o Xurés, Celanova... a provincia ten potencial para converterse nun destino da Galicia interior para pasar catro ou cinco días. E se lle engadimos o interior de Lugo moitos máis.

—O AVE marcou un punto de inflexión nas visitas e na demanda de guías turísticos?

—Sen dúbida. A chegada do tren de alta velocidade revolucionou o sector e está traendo moita xen-

te a Ourense. En dúas horas e media chegas dende Madrid e en cinco de Alacant, iso é un luxo. Hai xente que vén no AVE e logo colle aquí un autobús para desprazase, tamén grupos que veñen e van no día. É aínda un recurso por aproveitar máis do que se está facendo e crear novas ofertas por parte das axencias e dos operadores.

—A promoción da nosa oferta é axeitada?

—Ourense é un destino coñecido, non se pode dicir que non o sexa, pero lonxe doutros de Galicia como Vigo, Santiago ou A Coruña, por exemplo. Queda moito por facer, ten que haber traballo continuado neste apartado por parte das administracións, guías, hostaleiros, restauradores... o turismo é un banco con moitas patas e todos temos que axudar.

«As Burgas e a catedral son o que máis lle chama a atención aos que nos visitan»

O incremento das visitas turísticas está xerando unha demanda que leva aparelada tamén a incorporación de novos profesionais ao sector.

—Con cantos guías contamos?

—É algo difícil de concretar. Hai xente que traballa aquí, outros están máis fóra de Ourense que na cidade, tamén están os dos centros que pertencen ás administracións públicas. Seremos na actualidade ao redor duns sesenta. Nos últimos tempos incorporouse xente que sae do Campus e da Farixa.

—Hai competencia desleal?

—Moitísima. É a principal lacra desta profesión e unha das grandes batallas que temos.

—Cal é o percorrido básico pola cidade que non pode faltar?

—Non hai un estándar, cada un ten o seu criterio e as preferencias. No meu caso é unha proposta de dúas horas —hora e media ou dúas é o ideal, porque se te pasas a xente cansa ou quere marchar antes—. Recibo á xente na traseira da Alameda, onde paran os buses, e de aí pasamos pola praza de Abastos, Alameda, As Burgas, praza Maior, Lamas Carvajal —con visita ao Liceo—, Santa Eufemia, O Mouchoño e o Paseo, subimos á praza do Ferro e imos á fachada principal da catedral pola rúa dos viños. A maioría entra, pero tamén hai quen non o fai porque pensa que non lle vai aportar gran cousa. E sempre lles digo que se están trabucando porque se van levar unha grata sorpresa e sería un erro non coñecer cousas como a capela do Santo Cristo, o Pórtico do Paraíso e outras zonas da mesma.

—Que lles chama máis a atención?

—As Burgas e a catedral son o que máis os sorprende. A xente que accede ao interior sae maravillada porque por fóra ven unha catedral austera e ao estar dentro levan unha grata sorpresa.

Un alemán que derivou en pontino e que segue abraiado con Oseira

Das terras de Boborás e O Irioxo, de As Antas e Espiñeiros respectivamente, partiron para a emigración os pais de Pepe Mosquera Cerdeira. En Alemaña, en Aquisgrán, naciou o seu fillo e na cidade venciada a Carlomagno medrou o rapaz ata os 12 anos. Naquela altura, o pai morrera cando el tiña tres anos, a nai colleu o camiño de volta. Ourense foi a estación de destino e o guía turístico fai reivindicación de barriro: «Son pontino».

Formado en Electrónica Industrial, Mosquera traballou no sec-

tor dos ascensores. Nesas andaba cando a saúde comezou a darlle algún aviso: «Tiña estrés e cheguei a un momento moi puntual no que considerei que debía de cambiar o meu estilo de vida. Daquela podía facelo, e valorei que o seu era dedicarme ao que me gustaba. Aproveitando o dominio do alemán, e formándome, rematei conseguindo a habilitación para traballar como guía turístico. E sigo gozando co que fago porque era o que desexaba».

Pepe Mosquera móvese por toda Galicia. O mesmo fai tramos

do Camiño con alemáns que guía excursións de turistas que chegan nos cruceiros e queren coñecer diferentes destinos de Galicia. Na súa web ten varias ofertas de percorridos singularizados: do que achega aos visitantes *O outro Ourense* ou o que desvela as raíces de personaxes coñecidos —o titulado *Non sabía que era de aquí*— aos que propoñen *Unha experiencia gastronómica* ou seguir *A senda das cigoñas*, entre outras. Recoñece o ex delegado da Asociación Profesional de Guías de Galicia en Ou-

rense que a gastronomía lidera, con vantaxe, a demanda.

É habitual que Mosquera teña que facer para algunha axencia tramos do Camiño que cubran os cen quilómetros que se existen para conseguir a Compostela. E sae cos turistas dende Sarria ou Tui, dependendo de onde teñan o punto de chegada. Agora anda metido nunha proposta alternativa: «Estou preparando a ruta dende Bilbao a Santiago. Será un percorrido cultural con visitas a diferentes cidades ao longo do trazado».

Recoñece Pepe Mosquera que os anos da covid foron demolidores para o colectivo. «Non podía traballar, a xente non se podía mover nin xuntarse... tive-mos axudas pero foi un inferno». Destaca que tradicións como o entroido xeran unha importante chegada de visitantes.

De verse na obriga de escoller un lugar da provincia non tería dúbida: Oseira. «É un mosteiro que me calou dende que o vin por primeira vez. É un espazo único, un lugar máxico que sempre te sorprende».